

## Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2024

### Capítulo I. Disposicións xerais

#### 1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a formación de persoal investigador predoutoral concedidas a esta universidade de acordo coa Orde do 27 de decembro 2023 publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) o 30 de decembro de 2023 pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2021-2023. O identificador da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (ID BDNS): 732796.

#### 2. Finalidade

As axudas desta convocatoria teñen como finalidade a formación de novos doutores mediante a realización dunha tese de doutoramento asociada a un proxecto de investigación incluído o financiamento dos custos de contratación do persoal investigador predoutoral, de estadías en centros de I+D e dos gastos de matrícula derivados das ensinanzas de doutoramento.

#### 3. Número de contratos, características e conceptos financiábles

Convócanse 10 contratos predoutorais de formación de persoal investigador vinculados, cada un deles, de xeito unívoco a un proxecto de investigación financiado de acordo coa Orde do 27/12/2023 antes referida. Resérvase un contrato para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento que, de non ser cuberto nesta quenda de reserva, se acumulará á quenda de acceso xeral. Os proxectos financiados concedidos á Universidade da Coruña, en diante UDC, de acordo coa proposta de resolución definitiva do 24/10/24 son:

Referencia Contrato	Referencia Proxecto	Título	Investigador principal	Liña de investigación
FPI-UDC2024/01	PID2023-150794OB-I00	Mellorando a detección de ciberameazas usando modelos de linguaxe de gran tamaño para protocolos de rede	CACHEDA SEIJO, FIDEL / CARNEIRO DÍAZ, VICTOR MANUEL	MELLORANDO A DETECCIÓN DE CIBERAMEAZAS USANDO MODELOS DE LINGUAXE DE GRAN TAMAÑO PARA PROTOCOLOS DE REDE
FPI-UDC2024/02	PID2023-148074OB-I00	Mellora das previsións de asolagamento xeradas con modelos de base física mediante técnicas de intelixencia artificial	CEA GÓMEZ, LUIS / PUERTAS AGUDO, JERÓNIMO	ENXEÑARÍA HIDRÁULICA

FPI-UDC2024/03	PID2023-152839OB-I00	Intelixencia artificial na comercialización de seguros: desafíos en materia de transparencia, gobernanza e supervisión	COLINA GAREA, RAFAEL / QUINTÁNS EIRAS, MARÍA DEL ROCÍO	IMPACTO XURÍDICO, SOCIAL E ECONÓMICO DA IA NO MERCADO ASEGURADOR: RETOS EN MATERIA DE TRANSPARENCIA, GOBERNANZA E SUPERVISIÓN
FPI-UDC2024/04	PID2023-147127OB-I00	Inferencia estatística utilizando métodos flexibles para datos complexos: teoría e aplicacións	FRANCISCO FERNÁNDEZ, MARIO / CAO ABAD, RICARDO	INFERENCIA ESTADÍSTICA UTILIZANDO MÉTODOS NON PARAMÉTRICOS PARA DATOS COMPLEXOS: METODOLOXÍA E APLICACIÓNS
FPI-UDC2024/05	PID2023-147129OB-C21	Tecnoloxías da linguaxe desde unha perspectiva verde: dominios con escasos recursos	GÓMEZ RODRÍGUEZ, CARLOS / VILARES FERRO, JESÚS	PROCESAMENTO DA LINGUAXE NATURAL
FPI-UDC2024/06	PID2023-151636OB-I00	Nanoenxeñaría sostible para o desenvolvemento de materiais: base cemento de altas prestacións utilizando nanocelulosa derivada de biomasa	GONZÁLEZ FONTEBOA, BELÉN / SEARA PAZ, GURMERSINDA	DESENVOLVEMENTO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN SOSTIBLES
FPI-UDC2024/07	PID2023-147404OB-I00	Aprendizaxe automática frugal: potenciando a IA en contornos con recursos limitados para os desafíos do mundo real	GUIJARRO BERDIÑAS, BERTHA / ALONSO BETANZOS, AMPARO	INTELIXENCIA ARTIFICIAL FRUGAL
FPI-UDC2024/08	PID2023-149956OB-I00	Portos seguros e eficientes: xestión integral do risco operacional mediante monitorización, técnicas avanzadas e <i>Machine Learning</i> . Aplicación na Coruña, Ferrol e Malpica	PEÑA GONZÁLEZ, ENRIQUE / RABUÑAL DOPICO, JUAN RAMÓN	ESTUDO DE CLIMA MARÍTIMO E INFLUENCIA NA SEGURANZA E OPERATIVIDADE PORTUARIAS
FPI-UDC2024/09	PID2023-152234OB-I00	Complexos de metais de transición para a imaxe dirixida a especies reactivas de osíxeno no cancro de mama triplo negativo	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, AURORA	QUÍMICA DA COORDINACIÓN E AS SÚAS APLICACIÓNS BIOMÉDICAS
FPI-UDC2024/10	PID2023-146174NA-I00	Funcionalización quimioselectiva de biomoléculas mediada por metais	RODRÍGUEZ VILLAR, JESSICA / GÓMEZ PÉREZ, INMACULADA JÉNNIFER	QUÍMICA DE COORDINACIÓN E A SÚA APLICACIÓN EN BIOCONXUGACIÓN

Os 10 contratos predoutorais que agora se convocan estarán condicionados á concesión definitiva dos proxectos.

#### 4. Duración

As actuacións terán unha duración máxima de catro anos.

O período de execución iniciarase na data de incorporación do persoal investigador contratado ao seu posto de traballo. No marco das actuacións e dentro da duración máxima, financiarase un período de orientación posdoutoral unha vez obtido o título de doutor/a, sempre que a obtención do título se produza durante o período de execución da actuación, cunha duración máxima de 12 meses, destinado ao perfeccionamento e especialización profesional deste persoal investigador. Sen prexuízo do disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución da actuación no artigo 25.7 da mencionada Orde do 27/12/2023.

O persoal contratado con cargo á axuda predoutoral poderá colaborar en tarefas docentes dun departamento universitario, logo da autorización da propia Universidade, ata un máximo de 180 horas durante a extensión total da axuda, e sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas anuais.

#### 5. Financiamento

As actuacións financiarán os seguintes conceptos: o custo de contratación, o custo da indemnización á finalización do contrato, os gastos derivados da realización de estadias en centros de I+D e da matrícula nas ensinanzas de doutoramento.

A elección do centro de I+D para a estadia, as actividades que se desenvolverán nela e a autorización para a execución da estadia serán responsabilidade da UDC mediante o procedemento que para tal fin se estableza.

En relación coa axuda para o financiamento do contrato, a axuda anual será de 24.600 euros para a primeira anualidade, 30.200 euros para a segunda, a terceira e cuarta. Esta axuda, así como o importe total da axuda de 3000 euros para cubrir o custo da indemnización á finalización do contrato, cofinanciarase con cargo a fondos do FSE+ e será imputada á seguinte partida orzamentaria de gastos da UDC 0599 541A 64000.

Pola súa banda, a axuda para cubrir gastos derivados da realización de estadias en centro de I+D e da matrícula nas ensinanzas de doutoramento, terá un importe total de 7.000 euros e será imputada á seguinte partida orzamentaria 0599 541A 48001.

A elixibilidade dos diferentes conceptos con cargo á axuda atenderá ao estipulado na Orde do 27/12/2023 antes mencionada pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

#### 6. Requisitos das persoas solicitantes

Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público sobre o acceso ao emprego público, a presente convocatoria está destinada á contratación de

titulados/as universitarios/as que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:

- Estar admitido/a ou matriculado/a nun programa de doutoramento oficial da Universidade da Coruña para o curso 2024-2025. Tamén poderán ser solicitantes todas aquelas persoas que sen estaren matriculadas ou admitidas nun programa de doutoramento, no momento de presentación da solicitude, si estean en disposición de estalo na data en que se formalice o contrato.

- Non iniciar a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas á formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese de doutoramento que se outorgaron no marco do Plan Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica ou dalgún dos anteriores plans nacionais.

- Non estar en posesión do título de doutor/a por calquera universidade española ou estranxeira.

- Non gozar, con anterioridade á presentación da solicitude, dun contrato predoutoral por tempo superior a 18 meses.

Independentemente destes requisitos, a persoa finalmente seleccionada debe estar matriculada nun programa de doutoramento da UDC, con dedicación a tempo completo na data de inicio do contrato. Este requisito deberá manterse durante toda a duración do período predoutoral.

## Capítulo II. Proceso de selección

### 7. Presentación de solicitudes

As solicitudes das persoas interesadas deberán presentarse a través do rexistro da Sede Electrónica da UDC, [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register) dirixidas ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, **coa indicación na solicitude da referencia do contrato a que se opta e acompañadas da seguinte documentación:**

- *Currículum vitae*
- *Un ficheiro PDF precedido dun índice en que, en relación co CV citado na epígrafe anterior, se acheguen os documentos dos méritos que se desexen alegar, así como as ligazóns ás publicacións ou documentos científica-técnicos, contribucións a congresos ou calquera outra cuestión que se considerar oportuna.*
- *Certificación académica no caso de non ter cursado os seus estudos na UDC.*
- *Declaración responsable de que se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria e da veracidade dos datos (Anexo III)*

### 8. Publicación e notificación

Os actos do procedemento sucesivos á convocatoria que deban ser notificados ás persoas solicitantes publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO). A publicación dos actos do procedemento substituirá á notificación e terá os mesmos efectos, conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, as datas de publicación dos distintos actos e resolucións serán as que determinen o inicio do cómputo de prazos.

### 9. Admisión de participantes

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no TEO.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Investigación publicará a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas con indicación, neste último suposto, da causa de exclusión.

As persoas solicitantes que resulten excluídas ou aquelas que non resulten nin admitidas nin excluídas, disporán dun prazo de 5 días hábiles, que se contará a partir da publicación da referida resolución, para presentar as alegacións que estimaren convenientes.

Una vez resoltas as alegacións, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

### **10. Comisións de selección**

As comisións de selección estarán constituídas polos seguintes membros: dous investigadores pertencentes ao equipo de investigación de cada proxecto ou á súa área de coñecemento, un/a que actuará de presidente/a e outro/a que actuará de secretario/a e unha persoa membro da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

A composición das comisións axustarase aos requisitos derivados da normativa de paridade vixente. Nominativamente terán a composición que se recolle no anexo I.

### **11. Avaliación e selección de candidaturas**

Logo da publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, as comisións de selección procederán, no prazo de 10 días hábiles, a valorar os méritos alegados e acreditados polas persoas candidatas conforme os criterios de valoración/puntuación recollidos no baremo (anexo II).

### **12. Proposta de selección provisional**

As comisións de selección emitirán unha proposta de selección provisoria coas persoas seleccionadas xunto cunha acta que recolla a puntuación outorgada a cada unha das persoas participantes en cada un dos apartados do baremo que se establece no anexo II. As citadas propostas serán publicadas no TEO de forma conxunta para todos os contratos.

A partir do día seguinte á publicación de devandita proposta as persoas candidatas disporán de 10 días hábiles para presentar reclamacións a través do rexistro electrónico da Sede Electrónica da Universidade da Coruña, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

### **13. Resolución de concesión**

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, cada comisión de selección emitirá a súa proposta de selección definitiva que incluírá as persoas seleccionadas en cada proxecto, unha listaxe de candidaturas suplentes e a acta coas puntuacións desagregadas das persoas participantes. As citadas propostas serán publicadas no TEO de forma conxunta para todos os contratos.

Cada comisión de selección remitirá a súa proposta ao reitor, que ditará a resolución de concesión e publicaráa no TEO.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante a Reitoría da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, que comezará a contar

a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

#### 14- Formalización dos contratos

As persoas seleccionadas serán contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral, regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (en diante LCTI) e o Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

A incorporación deberá producirse no prazo máximo de tres meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Axencia Estatal de Investigación da resolución definitiva de concesión dos proxectos de investigación. A incorporación do persoal investigador predoutoral ao seu posto de traballo será necesariamente o día 1 do mes que corresponda.

No caso de que as persoas foran contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral previamente, a duración do contrato non poderá exceder do máximo establecido no artigo 21.c) da LCTI. Se durante a execución da axuda se producise a extinción do contrato ou a súa desistencia por parte da persoa contratada, a Universidade poderá contratar outra persoa da listaxe de candidaturas suplentes xerada para cada contrato, ou no caso de non existir tal listaxe iniciar un novo procedemento de selección.

O período que transcorra entre a extinción ou desistencia do contrato e a incorporación dunha nova persoa non poderá ser superior a tres meses. Independentemente de que se poidan contratar no marco da actuación diferentes persoas, a duración máxima da actuación será, en todo caso, de catro anos.

## Anexo I. Comisiones de selección

Referencia do contrato	Comisión de selección	Suplentes
FPI-UDC2024/01	Fidel Cacheda Seijo (presidente), Víctor Manuel Carneiro Díaz (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	Francisco Nóvoa Manuel Diego Fernández Iglesias
FPI-UDC2024/02	Jerónimo Puertas Agudo (presidente), Luis Pena Mosquera (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	José Anta Álvarez Enrique Peña González
FPI-UDC2024/03	María del Rocío Quintáns Eiras (presidenta), Rafael -Colina Garea (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	Javier Ruipérez Alamillo Marta García Pérez
FPI-UDC2024/04	Mario Francisco Fernández (presidente), Ana López Cheda (secretaria), María Amalia Jácome (vogal)	José Antonio Vilar Fernández Salvador Naya Fernández
FPI-UDC2024/05	Carlos Gómez Rodríguez (presidente), Jesús Vilares Ferro (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	Miguel Ángel Alonso Pardo María José Souto Salorio
FPI-UDC2024/06	Belén González Fonteboa (presidenta), Gumersinda Seara Paz (secretaria), María Amalia Jácome (vogal)	Fernando Martínez Abella Javier Eiras López
FPI-UDC2024/07	Bertha Guijarro Berdiñas (presidenta), Óscar Fontenla Romero (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	Amparo Alonso Betanzos Carlos Eiras Franco
FPI-UDC2024/08	Enrique Peña González (presidente), José Sande González-Cela (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	Juan Ramón Rabuñal García Francisco Alberto Varela García
FPI-UDC2024/09	Aurora Rodríguez Rodríguez (presidenta), Fernando Vecilla Porto (secretario), María Amalia Jácome (vogal)	David Esteban Gómez Inmaculada Jennifer Gómez Pérez
FPI-UDC2024/10	Jessica Rodríguez Villar (presidenta), Inmaculada Jennifer Gómez Pérez (secretaria), María Amalia Jácome (vogal)	Jesús Mosquera Mosquera Alejandro Criado Fernández



## Anexo II. Baremo de avaliación

### 1. Traxectoria académica e/ou científico-técnica da persoa candidata (0-50 puntos)

1.a) Achegas científico-técnicas (0-45 puntos). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares da persoa candidata, así como a súa adecuación ás tarefas que se van realizar en función da formación e experiencia profesional. A puntuación neste apartado desagregase en:

- Expediente académico de grao (0-15 puntos). A puntuación obterase de forma directamente proporcional á nota do expediente en base 10.
- Expediente académico de máster (0-20 puntos). A puntuación obterase de forma directamente proporcional á nota do expediente en base 10.
- Outros méritos (0-10 puntos):
  - Premios, mencións e bolsas competitivas (1 punto por mérito, máximo 2 puntos);
  - Publicacións en revistas e congresos (0,5 puntos por publicacións JCR, 0,1 resto de publicacións, máximo 2 puntos)
  - Participación/colaboración en proxectos e contratos (0,2 puntos /mes, máximo 2 puntos);
  - Coñecemento de inglés (1 punto B2, 2 puntos C1/C2);
  - Patentes, rexistros software e transferencia de tecnoloxías (0,5 puntos/ítem, máximo 1 punto)
  - Actividades de formación, xestión e divulgación científica (0,1 punto /10 horas, máximo 1 punto).

### 1.b) Mobilidade e internacionalización (0-5 puntos)

Valoraranse as estadias de acordo coa súa duración 0,2 puntos/mes ata un máximo de 2 puntos para estadias nacionais e 0,3 puntos/mes ata un máximo de 3 puntos para estadias internacionais.

### 2. Adecuación da persoa candidata ás actividades e investigación que se vai desenvolver (0-50 puntos).

- Adecuación da súa formación (0-20 puntos). 20 puntos para formación relacionada co proxecto, 10 para formación parcialmente relacionada co proxecto, 0 para formación non relacionada co proxecto.
- Adecuación do seu TFG (0-5 puntos). 5 puntos para TFG afín ao proxecto, 2,5 puntos para TFG parcialmente relacionado co proxecto, 0 para TFG non relacionado co proxecto.
- Adecuación do seu TFM (0-10 puntos). 10 puntos para TFG afín ao proxecto, 5 puntos para TFG parcialmente relacionado co proxecto, 0 para TFG non relacionado co proxecto.
- Adecuación da súa experiencia previa (0-15 puntos). 0,5 puntos/mes para experiencia relacionada co proxecto, 0,25 puntos/mes para experiencia parcialmente relacionada co proxecto, 0 puntos/mes para experiencia non relacionada co proxecto.



### Anexo III. Declaración responsable

#### Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2024

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Art. 7 da convocatoria)

\_\_\_\_\_, con DNI/pasaporte \_\_\_\_\_, que presenta  
a súa candidatura FPI ao proxecto PID2023-xxxxxxx-xxx.

**DECLARO** que son certos os datos consignados na solicitude, que reúne as condicións esixidas na convocatoria, e comprométome a cumprir todas as súas obrigas e a probar documentalmente todos os datos que figuran na devandita solicitude.

Data:    /                    /2024

(sinatura)